

# **A CONCEPCIÓN XORNALÍSTICA DE MANUEL CURROS ENRÍQUEZ EN *LA TIERRA GALLEGA***

Comunicación do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu Tempo”,  
Celanova, 13-15 de setembro de 2001

Autores:

**ROSA ANEIROS DÍAZ  
XOSÉ LÓPEZ GARCÍA**



SECCIÓN DE COMUNICACIÓN  
ARQUIVO DE COMUNICACIÓN

A Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega vén amosando dende o inicio da súa actividade un especial interese por todo o referido á historia do xornalismo galego. Con esta liña de investigación histórica pretendemos botar un pouco de luz sobre as cabeceiras que nos precederon no tempo, as súas modalidades xornalísticas e contidos, así como un achegamento ós periodistas que destacaron polo seu labor profesional no eido mediático. Neste marco e ante un acontecemento tan relevante como é o 150 aniversario do nacemento de Curros Enríquez, consideramos imprescindible unha aproximación ó xornalista que foi, unha faceta abondo descoñecida para o público xeral e de notable importancia na súa vida. O Curros poeta que herdamos cómpre que sexa descuberto como figura xornalística dada a valía profesional e coherencia ideolóxica que evidenciou ó longo de toda a súa traxectoria nos medios impresos de Galicia, Madrid e Cuba.

A magnitude da súa obra periodística impídenos ofrecer unha perspectiva total, labor que debe ser abordado por investigacións de máis alta envergadura. Por esta razón, a nosa achega investigadora circunscríbese á época en que Manuel Curros creou e dirixiu na Habana o semanario *La Tierra Gallega*. Este conciso marco temporal, reducido a a penas dous anos da vida do celanovés, resulta moi significativo da súa produción e fiel reflexo da súa concepción xornalística nese momento. A nosa aproximación baséase na consulta hemerográfica de *La Tierra Gallega* (a partir de agora *LTG*) e na consulta bibliográfica. Con este relatorio, a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega desexa contribuír á análise desta parte da obra de Curros que reflicte as súas principais inquietudes profesionais e vitais e reitera o seu compromiso coa investigación histórica do xornalismo galego co fin de descubriremos as claves das nosas modalidades xornalísticas.

## **CURROS XORNALISTA**

Cando Curros Enríquez chega a Cuba na primavera de 1894, a súa traxectoria como xornalista aválao como un profesional de ampla experiencia e coñecemento da actividade periodística. De feito, o seu primeiro encontro co periodismo pode datarse en 1866 cando con 15 anos e ó marchar da casa, tal e como cita o seu biógrafo Celso Emilio Ferreiro, “antes de acostarse sobre un haz de paja que le sirve de lecho tiene que leerle en voz alta a los amasadores la prosa encendida de *El amigo de Galicia*, un periódico liberal que exalta a la región y condena al caciquismo y a la tiranía”<sup>1</sup>. Xa en Madrid, Curros ingresaría como redactor da *Gaceta de Madrid*, dirixida por Felipe Picatoste Rodríguez, e posteriormente en *El Municipio*, *El Porvenir* (colaboración) ou *El Imparcial*, xornal para o que acudiría como correspondente de guerra ó País Vasco para dar cobertura informativa ás guerras carlistas. En Ourense, dende o seu emprego de funcionario de Facenda funda con Paz Novoa o semanario *El Trabajo* antes de regresar novamente a Madrid, onde se une á redacción de *El País* (órgano republicano dirixido por Alejandro Lerroux que postula a política de Manuel Ruiz Zorrilla). Neste último

xornal destacaba, segundo Celso, pola súa “pluma agresiva, intencionada y ágil que todos los días confeccionaba en la sección política a su cargo –‘Comentarios’– una pequeña joya de inmejorable prosa periodística, en cuyo arte podría darse la mano con Mariano de Cavia y otros maestros del género”<sup>2</sup>, que recolleu grande éxito entre o público polos seus “textos vibrantes y apasionados, zumbones e impetuosos, siempre razonadores y claros con que desmenuza y tritura la mala conciencia de la época”<sup>3</sup>. Esta destreza no uso da lingua e labor de denuncia sen paliativos, así como unha profunda coherencia ideolóxica, serán claves que definirán o traballo xornalístico de Curros tamén en Cuba.

## A IDEA DA PRENSA EN CURROS

Curros Enríquez entende que a prensa ten unha función crítica dentro da sociedade. Esta misión non se basearía unicamente en denunciar abertamente situacións de abuso de poder ou desigualdades sociais senón que debería achegar mesmo posibles solucións ós problemas existentes. Este labor de tutela da realidade, de observador participante, contrasta con aquela percepción do xornalismo como simple narrador obxectivo dos feitos. Curros, herdeiro do periodismo do seu tempo, opta por unha profesión que o implique directamente nos conflitos co compromiso ético de defender as clases máis desfavorecidas e de loitar contra o caciquismo imperante. Un exemplo claro desta idea é que: “Mas del hecho de que él no se queje [o labrego galego ante unha crise do cereal] no puede deducirse que no lo haga la prensa en su nombre. La prensa, que tiene su eco para todos los dolores, no cumplirá su civilizadora misión si no lo tuviese para el campesino gallego, si no se fijase en su situación desesperada, si no se conmoviese ante la horrible miseria que atraviesa y no supliese con su nobles iniciativas y sus generosos empeños la criminal indiferencia con que le tratan sus diputados, estimulando al capital gallego e interesando al Gobierno en la adopción de medidas rápidas y enérgicas que le salven del abismo a que parece abocado” (9/IV/1894). Como vemos neste fragmento, o celanovés cualifica o labor da prensa de “civilizadora misión” e a contribución de solucións como “nobles iniciativas y sus generosos empeños”. Referida a esta dimensión da prensa recolleemos outra cita significativa: “Desconsuela el ánimo la lectura de la prensa gallega al ocuparse en lo único que importa a nuestros campesinos porque es también lo único de que espera algo, de su agricultura, de su terruño”. E continúa, “¿No creen que en presencia de esos terribles cuadros, que es ya hora de tender una mirada compasiva sobre la situación de los pobres labradores de nuestra región y aliviarlos en lo posible de sus múltiples cargas que sobre ellos pesan?” (28/X/1894). Ou, no editorial do día 2 de febreiro de 1896 titulado “Estamos satisfechos”: “En momentos así [de turbación] ¿que sería de la sociedad si la prensa no hablara, si la prensa no se mantuviera serena e imparcial y formulase sin miedo sus juicios?”.

Pero non só será a “civilizadora misión” da prensa o que caracterice a concepción da profesión en Curros. A coherencia ideolóxica que sempre manifestou na súa vida ten o seu eco

---

<sup>1</sup> Ferreiro, C. E. (1973): *Curros Enríquez*, Madrid, Ediciones Júcar, p. 32.

<sup>2</sup> Ferreiro, C. E.: *op. cit.*, p. 90.

<sup>3</sup> Ferreiro, C. E.: *op. cit.*, p. 92.

correspondente no labor xornalístico e, xunto a isto, a independencia do periodismo por riba de todo. Cando en agosto de 1894 xorden nas páxinas da prensa cubana certas acusacións contra o celanovés por unha suposta actitude ambigua cos revolucionarios cubanos como extrapolación da súa defensa rexionalista da concepción do Estado, Curros Enríquez insiste en que estes ataques non son lexítimos porque: “Si ha seguido atento la evolución de nuestro espíritu traducida en fórmulas escritas en una larga y erudísima labor de 27 años de periodismo y de producción literaria recordará campañas sostenidas por nosotros en periódicos muy importantes a favor de la unidad de la nación...”. Sostén, ademais, que *LTG* non pertence a ningún partido político antillano e tampouco ós de Galicia: “tampoco cuentan con nosotros los caciques, tampoco nos sumamos con los verdugos de nuestra querida Galicia, primero y último amor de nuestra alma” (9/IX/1894).

No editorial do día 2 de febreiro de 1896 Curros refírese ó papel da prensa na guerra e á súa independencia absoluta: “Teníamos el deber de hablar como hemos hablado, teníamos el deber de decir lo que hemos dicho, y nuestra voz, que no es la voz de ningún partido político de Cuba ni de la Península; nuestra voz que es la de un español que no tiene haciendas que defender pero que tiene su dignidad patria que guardar, nuestra voz, que no ha soportado ningunha tiranía mansa para que ahora soportase una tiranía insurrecta; nuestra voz que condenó los despotismos de guante para que ahora soportase el tiranismo de... los reyes para que no calle, no ha sonado en el vacío. Nos lo demuestra la acogida que han tenido los últimos artículos publicados en esta sección...”.

A independencia política con respecto a partidos concretos non é incompatible para o ourensán cunha proclamación clara e absoluta do ideario rexionalista. Non se adscribe a ningún colectivo pero a súa defensa do Rexionalismo está por riba de calquera cuestionamento porque coida que a súa aplicación mellorará considerablemente o nivel de vida dos cidadáns.

Esta concepción da prensa plasmarase no desenvolvemento do seu propio proxecto xornalístico. *LTG* será o reflexo da súa maneira de crer nunha profesión e a través das súas páxinas veremos como Curros entende o seu tempo e a súa “civilizadora misión”.

## A PRENSA EN CUBA A FINAIS DO SÉCULO XIX

O mercado xornalístico cubano estaba a sufrir duras transformacións a finais do século XIX. Antonio C. Godoy<sup>4</sup> recolle que o número de publicacións en Cuba cara a 1894, data de publicación de *LTG*, anda arredor dos 150, deles 70 na Habana. Un ano despois e segundo o informe elaborado pola Nunciatura de Madrid constátase a existencia só de 53 xornais na illa no 1895. A razón deste descenso pode estribar na evolución da guerra e na forte censura exercida polas autoridades españolas na illa. Segundo estes datos, recollidos por Xurxo Salgado<sup>5</sup> no seu traballo académico *O xornalismo galego e a guerra de Cuba*, sabemos, ademais, que a cidade da Habana contaba en 1894 con diversas cabeceiras non só dirixidas por galegos senón tamén dirixidas a lectores galegos. É o caso de *El Eco de Galicia*, nacido en 1878 da man de Waldo Álvarez Insua, órgano da colonia galega en Cuba de información xeral;

<sup>4</sup> Godoy, A. C. (1991): *Historia de la prensa en Iberoamerica*, Madrid, p. 136.

*Galicia Ilustrada* (1891), que publica traballos literarios e filosóficos, así como informacións de Galicia; *El Regional Gallego* (1892); *La Región* (1895) ou *La Voz de Galicia* (1892). Non só é prensa editada por emigrantes senón que se considera a si mesma “prensa gallega”. Os seus contidos así o manifestan con numerosas noticias sobre Galicia e mais a colonia galega na illa. Sen embargo, os acontecementos bélicos fornecerán as páxinas escritas de moitos artigos de opinión e noticias sobre Cuba, antes a penas presente en breves notas se non resultaba do interese dos emigrados galegos. Neste marco mediático Curros concibe a creación dun novo xornal: *La Tierra Gallega*.

### O MODELO XORNALÍSTICO DE *LTG*

Sabemos que *La Tierra Gallega* bota a andar a principios de abril de 1894. Curros Enríquez, que o 22 de febreiro dese mesmo ano deixara A Coruña nun barco que o conduciría a América, escribe o 9 de abril unha carta ó seu amigo Andrés Martínez Salazar na que afirma “Como de mi chegada nadie tenía aquí noticia, los primeros días fueron para mí muy difíciles, teniendo que sufrir las consecuencias de la profunda división que separa a esta colonia gallega. A todos, sin embargo, debo gratitud: unos y otros acaban de darme prueba de afecto, oponiéndose a mi salida para Méjico y facilitándome los medios para publicar *LTG*, periódico semanal, al mismo tiempo que fundé *El Diario de la Familia*, del cual se ha publicado ya el número programa y que verá la luz desde el primero de mayo. Tanta suerte he tenido, que hemos recogido ya más de 6.000 suscripciones. Si la salud no me falta, creo que haré fortuna”<sup>6</sup>. Como se ve, a ilusión inicial de Manuel Curros ante a nova etapa vital é grande, pero a medida que pasa o tempo, esta irá decaendo por mor dos sucesos que rodean a súa presenza na illa, a profunda división entre emigrantes e, como non, a propia guerra de Cuba.

Con redacción e administración en Cienfuegos, número 12, da Habana, *LTG* reflectirá as máximas xornalísticas, ideolóxicas e vitais do celanovés. O caciquismo, a lingua, o rexionalismo, a “necesaria” unión da colonia galega na illa, a emigración, a literatura, a actualidade e política galega e, nos últimos números, o conflito cubano-español serían os temas máis recorrentes. A súa prosa, aceda e sen limitacións para criticar a actitude dos políticos e caciques, resulta clara e perfecto espello do seu ideario político.

A cabeceira de Curros empezou sendo un “periódico bisemanal de intereses regionales” de formato 45x32 cm e contaba con catro páxinas, nas que incluían editorial (1ª páxina), “Noticias varias”, “Las cuatro hermanas” (2ª e 3ª páxina) e publicidade (4ª páxina). A partir do 1 de xullo de 1894 (tres meses despois) pasa a ser semanal, periodicidade que permanecerá inalterable ata a súa desaparición en novembro de 1896, e disporá dun novo formato: 41x28 cm. As novas oito páxinas manteñen unha estrutura similar á orixinal. A primeira ocúpase co editorial; da segunda á sexta introducen artigos de opinión sobre cuestións galegas, fragmentos de obras publicadas, a sección dedicada ás noticias de Galicia chamada “Las cuatro hermanas”, correspondencias na propia illa de Cuba e noticias locais; a sétima e oitava páxina conteñen publicidade. As ilustración redúcense a caricaturas de persoeiros. Será

---

<sup>5</sup> Salgado, X. (2000): “O xornalismo galego e a guerra de Cuba”, USC, Santiago de Compostela (inédito).

a partir do número 24, que comeza a ser semanal, cando estreen un novo deseño cunha cabeceira máis recargada e de maior tamaño cá anterior, uso de letras capitais e que adornan os títulos das seccións (en “Las cuatro hermanas” remárcase coa presenza dos escudos de cada unha das provincias galegas).

Así pois, se a portada vai ocupada polo editorial e as páxinas interiores presentan numerosas colaboracións de distintos persoeiros deste lado do océano, non é menos certo que a noticia estricta ocupa unha alta porcentaxe do total. As noticias de “Las cuatro hermanas”, “Efemérides gallegas” ou os artigos de *Crónicas Gallegas* de Galo Salinas, por exemplo, dan boa proba da intención informativa deste medio. O que si é certo é que a imparcialidade, unha característica que logo pretendería adoptar a prensa, resultaba moi pouco popular naquela época. Todas as noticias conteñen carga de opinión do redactor sen que por iso poida considerarse unicamente un ideario político. Se Curros aproveita para defender as súas teses rexionalistas en todo momento, tamén consideramos lícito recoñecer que esta ideoloxía é exposta a partir de datos concretos da actualidade galega que o fan reafirmarse na súa ideoloxía e non utiliza o xornal como vehículo dos pensamentos individuais dun autor, tal e como acontecía, por exemplo, no primeiro xornal galego datado en 1800: *El Catón Compostelano*. Este preséntase como un semanario que se “afasta do criterio de actualidade inmediata e do valor da noticia. O autor, Francisco del Valle Inclán, crea unha publicación que ten moito máis que ver co espírito ilustrado da divulgación e da reforma de costumes ca co proceso de construción de acontecementos de acordo cos feitos de actualidade” (López, Xosé e Gago, Manuel, 2000).

Celso Emilio di que *LTG* que “en principio había de ser una publicación híbrida y meramente informativa y vagamente regionalista, comienza a derivar hacia formas muy semejantes a un ideario político”<sup>7</sup>. Non nos atrevemos a enunciar tal. As características do ideario político son máis puras en todo caso que o modelo xornalístico de *LTG*. Tal e como nos ofrece Xosé López nun traballo sobre a cabeceira *Patria Gallega*, nacida en 1891 e na que colaboraría o propio Curros, “estas publicacións rexionalistas, moi interesadas en todo o que facía o nacionalismo catalán da época servían de tribuna para a defensa de Galicia como pobo e da súa lingua e cultura. E esta defensa facíase mediante as mellores técnicas da argumentación, sempre cunha formulación dun asunto e coas conseguíntes xustificacións. Foi así como se melloraron notablemente as técnicas de persuasión e de convicción mediante estes artigos subxectivos e claramente posicionados nos debates políticos e sociais dese tempo. Aínda que nas últimas décadas do século XIX apareceu a figura do xornalista profesional (Alejandro Pizarroso, 1992), nestas publicacións periódicas galegas abundaron os xornalistas políticos e facían o seu traballo na prensa, que compaxinaban con outra actividade. Moitos usaban os soportes impresos como un trampolín para lanzarse á carreira política. Era o máis habitual nun tempo en que, como dixemos, comezaba a profesionalización dos medios, especialmente nos diarios, e xa había algún tímido síntoma dunha futura recuperación do xornalismo informativo, que acadaría a maioría de idade arredor do ano 1914”.

---

<sup>6</sup> Ferreiro, C. E.: *op. cit.*, p. 99.

Exemplo claro deste “tímido síntoma dunha recuperación do xornalismo informativo” é precisamente *LTG* xa que se algo o caracteriza é seu alto volume de información ó pé de “artigos subxectivos e claramente posicionados nos debates políticos e sociais dese tempo”, presentes tamén en *Patria Gallega*. *LTG* non sería en sentido estricto un ideario político pero garda certas semellanzas con el. Recorrendo unha vez máis ó estudio de Xosé López sobre a cabeceira compostelá dirixida por Alfredo Brañas sabemos que “Os artigos de *Patria Gallega*, esa publicación emblemática do rexionalismo, correspóndense con esas modalidades expresivas que tratan temas non estrictamente de actualidade, aínda que son cuestións que teñen vixencia na sociedade. Trátase de textos comprometidos dos que se responsabiliza o seu autor e dos que se coresponsabiliza o xornal. Autor e medio, pois, unen forzas nunha causa común: a defensa dos intereses dos rexionalistas, a defensa de Galicia”. *LTG* atopárase, pois, nun chanzo intermedio entre o xornalismo puramente de opinión de inicios de século XIX e o xornalismo informativo asentado a partir da Primeira Guerra Mundial, configurando así un formato híbrido de singular interese dado que reflicte nas súas páxinas a evolución de dúas maneiras de concibir este labor.

A concepción do xornalismo en Curros lévao a consideralo como arma para mudar a sociedade e como foro de reflexión sobre os acontecementos que o circundan. Máxime estando en Cuba, Curros debulla as noticias que xorden en Galicia para ofrecerlles ós emigrantes da colonia unha perspectiva clara do que está a acontecer na terra que deixaron incluíndo, ademais dos datos, a súa ampla capacidade argumentativa para que lles axude a construír unha opinión e, polo tanto, actuar en consecuencia. Como vemos, a vontade instructiva da prensa de inicios do século XIX é asumida por Curros na súa cabeceira pero esta non se cingue a unha intención didáctica individual senón que queda superada polo esforzo colectivo da redacción e a súa vontade informativa.

Outra das características de *LTG* dende o punto de vista do modelo xornalístico é, sen dúbida, a importancia que lle outorgan ás subscricións. En *LTG* atopamos a petición de axudas e posterior publicación dos nomes de doadores e cantidade das doazóns para o Hospital de Caridade de Ferrol ou o cemiterio de Santa María de Neda, entre outras. Como vemos, son causas galegas para as que se pide a solidariedade dos emigrados desas zonas en beneficio da súa comunidade natal. Esta maneira de entender o xornalismo como mobilizador social é un risco que nos indica a modernidade do pensamento de Curros. Cando no século XIX a maior parte dos xornais amosaban trazos de idearios de opinión cunha profunda pegada do elemento literario, *LTG* opta por un periodismo máis orientado á información e ó propio servizo social. A esta característica debemos sumar o alto grao de interactividade co lector. Son numerosas as cartas recibidas na redacción do semanario con críticas ou comentarios a certas informacións publicadas. O equipo do xornal e moitas veces o propio Curros contestan ás demandas dos lectores dende as páxinas de *LTG* e créase así un intercambio directo de pareceres entre a cabeceira e os seus receptores.

---

<sup>7</sup> Ferreiro, C. E.: *op. cit.*, p. 100.

## TEMÁTICA

A temática do xornal oscilaría nun eixe cuádruple:

– A colonia galega na Habana: As diferencias entre os distintos colectivos galegos na illa, que chegan a momentos de especial dureza, son motivo de constantes editoriais de *LTG*. Así, Curros insiste, reiteradamente, na necesidade de unión de todos os grupos co fin de formar un colectivo cohesionado e forte. “Tenemos una –y si es preciso una docena [de razóns]– para realizar la unión de las sociedades gallegas en La Habana” [explica Curros no editorial do día 1 de xullo de 1894] pero “antes de exponerla conviene hacer constar –y esto casi parece inútil después de lo que hemos escrito sobre la materia– que a pedir esa unión no nos mueve ningún interés bastardo, ningún deseo de lucro ni de medro personal como no sea el de sumarnos con todos los elementos que constituyan la gran alianza del porvenir y poder marchar en auxilio de Galicia, cuyo estado no puede ser más horriblemente angustioso...”. Esta idea traspasará a intención de concienciación dos emigrantes para se converter nunha auténtica campaña a prol da unión que se repetirá case a diario nas páxinas do xornal ó longo da súa historia. As obras da Casa de Saúde, as festas do Centro Galego, actuacións de corais e chegada de remesas de emigrantes galegos á illa caribeña serán algúns dos temas tratados.

– Galicia: a incapacidade dos seus políticos e a emigración. Os editoriais de *LTG* céntranse habitualmente en cuestións relativas a Galicia. A visión que ofrecen resulta absolutamente pesimista, aínda que non derrotista, xa que amosa un intento de mellorar a situación do país deixado alén mar. Critica sen medida a actuación dos políticos e a falta de azos para mudar a situación que cualifica de “angustiante” en Galicia. Así e nun claro exemplo, ante o retorno vacacional da actividade política: “Los primates gallegos de la política han abandonado ya sus quintas de recreo donde vivieron entregados al *doce far niente* reposando de la fiebre de intriga que los atormenta para dirigirse a la Corte y continuar influyendo en lo que la rutina ha dado en llamar la gobernación del Estado. (...) Pero, ¿es que exageramos? Pues medios tienen esos hombres de convencernos de que están a la altura de su deber, dedicándose, ahora que se encuentran de nuevo en Madrid y en breve volverán al Parlamento, a hacer algo en pro del bienestar de nuestros labradores” (14/X/1894). Outros temas tratados son reivindicar a necesidade de bancos agrícolas; acabar coas trabas arancelarias do país (“Es inútil pensar que Galicia alcance el estado de prosperidad económica a que tiene derecho mientras se le sacrifique el régimen arancelario impuesto exclusivamente en beneficio de la Castilla agrícola y la industrial Cataluña”, 3/VI/94), a recuperación da Capitanía Xeneral da Coruña; o problema do estancamento do sal, a peste do castiñeiro, o cólera ou a crítica especialmente dura ós caciques que asfixian os labregos galegos (“Son víctimas de tropelías sin cuento, sin que haya nadie que les haga justicia y los ampare y defienda de tan cruel tirano”, 1/XII/1895, ou “Un cacique en una aldea significa una gotera en cada techo, el ojo de un espía sobre cada conciencia, una trampa a la puerta de cada choza, un proceso sobre cada virtud, un asesinato en cada encrucijada”, 15/IV/1894).

Froito desta situación de “desamparo” dos labregos e consecuencia directa é, segundo Curros, o éxodo migratorio a América. A emigración centra as lanzas do ourensán contra a



política que se está a exercer na Península: “No se comprende que un territorio tan feraz, tan abundantemente dotado por la naturaleza de todos los elementos necesarios a la existencia, carezca de medios para explotarlos y haya de ver un día y otro emigrar a sus hijos en un espantoso éxodo que recuerda la expulsión de los judíos por aquellos bárbaros decretos de los reyes de la Casa de Austria. No es que el gallego posea el instinto emigrativo de ciertas aves... es que en realidad no puede vivir en su tierra pues esta se niega a sustentarle y le hace elegir entre la miseria y la muerte, ante la fuga o la servidumbre...” (11/IV/1894). Xunto a esta actitude contraria á emigración, Curros entende que unha vez fóra da súa terra, os galegos deben explotar as súas posibilidades e non cinguirse a traballos impropios da súa condición. Así, critica a servidume dos galegos dicindo “es algo que da grima y nos coloca en situación muy interior a la de otros muchos pueblos de España que, con menos virtudes que el nuestro, tienen o aparentan tener más alta idea de la dignidad personal y mayor celo por lo que a su conservación se refiere” (21/IV/1895) e suxire a creación dunha exposición permanente de produtos agrícolas, gandeiros, artísticos e industriais para, no canto de demandar: “¿no obtendríamos mejores resultados de venir a Cuba a ofrecer antes que a demandar, a exponer antes que a pedir, a comerciar antes que a mendigar pan y trabajo?”.

Ou, como outro exemplo e ante a chegada dunha nova remesa de emigrantes galegos: “ya que para los gallegos no haya piedad en su tierra, háyala aquí al menos. Que a la ingratitud de sus hombres políticos no tengan que unir la de las autoridades de Cuba. Todo calvario debe tener un término y todo suplicio un descanso” (9/IX/1894). Neste sentido e para favorecer a actitude emprendedora dos galegos publican durante varias semanas unha sección en portada co título “Los industriales gallegos en Cuba”, onde gaban ós galegos que están a facer nese momento fortuna na illa para que sirvan como exemplo de prosperidade económica.

– O rexionalismo: “Nesta etapa (1894-1908) o impacto das realidades concretas no seu pensamento fará pasar moi a segundo plano o seu republicanismo e case disolverá o seu anticlericalismo, non tanto porque os abandone senón porque os mitiga totalmente en nome doutros intereses máis prioritarios<sup>8</sup>. É o caso do rexionalismo. A defensa sen concesións do rexionalismo como fórmula política que pode liberar a Galicia da súa situación marxinal é unha máxima que se repite no xornal a cotío. Ademais de colaboradores como Alfredo Brañas, do que fai unha intensa gabanza na sección “Hijos ilustres de Galicia”, que fortalecen o seu ideario político, o propio Curros escribe tanto no eido teórico como na aplicación de casos concretos sobre a lexitimidade dunha organización descentralizada: “No cabe ocultar que la causa del regionalismo gallego atraviesa un período de prueba. Apenas izada al viento su bandera y formulada su doctrina, viose combatido con saña por hombres tan desconocedores de nuestra historia como de nuestras necesidades, los cuales creyeron inferirle herida de muerte subiendo a la cátedra para condenarlo en nombre de todos los hechos consumados, de todas las ansias de dominio y todas las concupiscencias fomentadas por más de quinientos años de centralización política y administrativa” (30/IX/1894) e “Descentralizando servicios, reconociendo a las provincias el derecho de administrar y gobernarse por si mismo, se

descargaría el Estado de muchas atenciones a que hoy le es imposible satisfacer: los servicios públicos serían más vigilados, desaparecerían muchas inmoralidades y la nación con más orden y más prestigio dentro, sería más respetada fuera, que buena falta le hace" (1/I/1895).

Esta ideoloxía causará certas controversias coa prensa da época xa que se entenderá esta descentralización como un apoio á independencia cubana. Curros manifesta en numerosas ocasións que nada ten que ver unha cousa coa outra e defende acerrimamente a unidade da Patria.

– Guerra de Cuba: Pese a que previamente a temática cubana xa entrara nas páxinas dos xornais por medio de problemas puntuais da illa mesmo non relacionados directamente co colectivo galego, será a partir do 12 de xaneiro de 1896 cando o xornal manifieste directamente a súa implicación informativa na contenda, lonxe do afastamento que promulgara nos primeiros números. Así, "Fieles a nuestro programa, bien quisiéramos ahora como hasta aquí lo hicimos, rehuir toda ocasión y motivo que pudiera llevarnos a tratar en nuestro semanario asuntos relacionados con la política local, ajenos por completo a la misión que nos hemos impuesto en la prensa. Sin embargo, son tales las circunstancias por que atraviesa este país, a tal punto se halla saturado el ambiente que nos rodea de anhelos y temores, de dudas y esperanzas, respecto de los sucesos que se desarrollan en el campo, que es imposible abstraerse a su influencia y dejar de hablar de lo que habla todo el mundo..." (12/I/1896). A partir deste día a guerra entrará de cheo nos contidos de *LTG*, ben por medio de editoriais, crónicas de guerra (Sección "Correspondencia de la guerra" ou "De la Guerra", nas que os diversos correspondentes envían epístolas a Curros sobre o estado dos combates) e noticias varias. Francisco Rodríguez sintetiza claramente a visión de Curros na guerra cubana: "Era respeto a Cuba, como respeto a Galiza, un anticentralista. Creía na españolidade da illa; repudiaba a expansión do españolismo yankee, principal beneficiado da retirada española de América Latina, chegando en nome desta rábia a defender posturas belicistas"<sup>8</sup>. Debemos subliñar como dato importante que un correspondente de *LTG* mesmo morreu na fronte de Manquito, "La Tierra Gallega, que ha tenido el honor de ser el primer periódico de la isla que ha pagado a la Patria su tributo de sangre en la persona de su corresponsal, el sr. Pernas, tiene también el sentimiento de anunciar tan dolorosa pérdida á nuestros coterráneos" (1/III/1896). A presenza dos galegos na loita (formación dun Batallón de voluntarios en Galicia, auspiciada polo bispo de Santiago, para defender a integridade do territorio nacional) e a controversia sobre a implicación dos americanos na guerra serán outros dos temas tratados, especialmente este último. Veremos a súa importancia cando abordemos a liña editorial.

Ademais destes eixes temáticos, debemos indicar a importante presenza da literatura en *LTG*. Poemas, entregas diarias de diversos folletíns literarios, perfís biográficos de autores, bibliografía, recensións e crítica de libros acabados de saír do prelo ocupan un alto tanto por cento do volume total do xornal. As relacións que Curros mantiña na Península serviron para que persoeiros do mundo literario galego do momento estivesen presentes no semanario,

<sup>8</sup> Rodríguez Sánchez, F. (1987): "A particularidade da contradicción" en *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Vigo, A Nosa Terra, pp. 8-12 (A nosa cultura, 9).

<sup>9</sup> Rodríguez Sánchez, F.: *op. cit.*

como é o caso de Aureliano J. Pereira, Benito Vicetto, José Ojea, Aurelio Ribalta ou Federico Manciñeira.

Destacamos, nesta liña, a cantidade de poemas que o propio Manuel Curros publicou da súa propia creación. Títulos tan paradigmáticos da obra do celanovés como “Nouturnio”, “A fouce d’o avó” ou “O último fidalgo” imprimíronse nas páxinas de *LTG*, levando así a lingua galega ó colectivo emigrante da illa. Este será precisamente outro dos temas que poderíamos denominar “bandeira” do semanario. A defensa da lingua natal non acepta dúbida e son bastantes os artigos dedicados á súa dignificación: “Pero se dice comunmente: escribir en catalán o en gallego, pudiendo escribir en castellano es una gran prueba de egoísmo. Antes, al contrario, egoísta es el que pretende obligar al escritor a emplear el lenguaje oficial impuesto que puede no dominar tanto como el suyo, sin fijarse en que cohibe su libertad y en que escribiendo castellano quizá le entendiesen todos menos aquellos que más le interesa que le entiendan” (29/IX/1895).

Xunto a isto, debemos constatar a existencia de amplos traballos, fragmentos de discursos ou libros, que se publican no xornal por entregas semanais. É o caso de informes sobre os últimos descubrimentos arqueolóxicos en Galicia, a cuestión de Marrocos, a historia de Galicia, o rexionalismo e a literatura salmantina, a conquista de Tenerife, etc. Salientamos, así mesmo, a sección “Hijos ilustres de Galicia”, na que se fai unha achega biográfica e bibliográfica a autores galegos da época. Moitos deles, Alfredo Brañas ou José Rodríguez Carracido entre outros, eran colaboradores de *LTG*.

## **FONTES**

As fontes das que *LTG* bebe a información son varias. As máis utilizadas son a correspondencia cos seus colaboradores en España (Galo Salinas, Carracido, J. César), colaboradores na propia illa (Juan A. Freire ou Pernas) e, especialmente, a prensa galega, cubana e española da época. *La Integridad de Tuy*, *La Voz de Galicia* ou *El Derecho* dende Galicia e *Diario de la Marina* ou *El Eco de Galicia* dende A Habana nutren os contidos de opinión e información da cabeceira de Curros. Vemos, pois, como *LTG* é un claro exemplo de proxecto de autor pero conformado a partir do traballo en equipo. As voces que reflicte o xornal son múltiples e non só eco da ideoloxía do director, malia que moitas delas debamos recoñecer que son concordantes plenamente.

## **FINANCIAMENTO E DISTRIBUCIÓN**

*LTG* mantíñase a través de dúas vías principais de ingresos. Por un lado estaba a vía de subscrición, que custaba 0,75\$. Malia descoñecermos o seu número concreto, o que si podemos afirmar é a pouca dispoñibilidade dos subscritores para o pagamento, dados os múltiples anuncios aparecidos en sucesivas semanas para implorar a retribución dos exemplares atrasados ou darse definitivamente de baixa. Así, cando en 1896 morra o xornal, Curros queixarase das débedas contraídas por mor da desidia de moitos lectores. A outra fonte de financiamento de *LTG* áchase, por suposto, na publicidade, á que lle dedican unha ou

mesmo dúas páxinas en cada número. Nas follas cinco e seis lemos textos de anunciantes como a Gran Casa de Salud Quinta del Rey del Centro Gallego, La Benéfica, Casa de Salud del Centro Gallego; Sombrerería M. Carballido; Monteagudo, fotografía; Otero y Colominas, fotografía; Seijo y Hermanos, importadores de vinos gallegos, e incluso María Taboada, unha comadroa. Sobra dicir que case todos eles son galegos que ofrecen servicios destinados explicitamente á colonia galega.

Administrado en momentos distintos da súa historia por Laureano Carrillo, polo propio Curros Enríquez e, na última etapa, por José Baña, debemos indicar que *LTG* chegou a case todos os puntos da illa cubana dado o seu alto grao de distribución<sup>10</sup>.

## LIÑA EDITORIAL

Nun primeiro momento, a liña editorial enfócase á colonia galega na illa e mais á situación da Galicia do momento, excluindo das súas páxinas de opinión toda referencia á política cubana. De feito e para que isto se evidencie, no editorial do día 20 de maio de 1894 (número 13) Curros vese na obriga de saír en defensa propia por unhas acusacións que, dende *El Comercio*, o tachan de crítico coa actuación dos españois en Cuba. O ourensán deféndese nesa cuestión afirmando, ademais, que non quere inmiscirse en política cubana porque “si nosotros estamos en Cuba, nuestro pensamiento, nuestra alma está en Galicia”. Con todo, Curros reafirmase na necesidade de pedir para Cuba unha maior autonomía dentro de España ó asegurar no editorial de dous días despois (27/V/1894), titulado “Fin de la polémica”: “Hemos cumplido nuestro deber rechazando los cargos que se nos han dirigido al aplaudir ideas generosas de libertad a las que siempre hemos rendido culto. Quien pide a la madre patria consideraciones para Galicia; quien fue siempre demócrata en Madrid no ha de ser absolutista en La Habana”.

Así pois, en xaneiro de 1896 e dada a evolución da guerra de independencia iniciada en febreiro de 1895, consideran que a filosofía de manterse apartados das cuestións cubanas non é válida cando os problemas abafan. A partir deste día e ata a súa clausura en novembro do mesmo ano, *LTG* tratará a diario a guerra de independencia, tanto con noticias de correspondencias das distintas fronteas da illa como con editoriais de portada nos que se pronuncia radicalmente oposto ós insurrectos cubanos e reclama a necesidade de rematar co conflito que está a causar un desastre económico e humano en Cuba.

Non pide Curros a independencia para Cuba, malia que moitos así o pensasen e o cualificasen en diversos foros de ser *pro-mambí* (cualificativo despectivo para denominar ós insurrectos

<sup>10</sup> Axentes de *LTG*, Manuel Cabo (Matanzas), Julián Faya (Santiago de las Vegas), Antonio Fraguellas (Güira de Melena), Genaro Coya (Santa Clara), Diego Rodríguez Fariña (Cienfuegos, Cruces, Abreus), José Carrano (Puerto Príncipe), Baldomero Vázquez (Pinar del Río, Artemisa), Ángel Mariño (Cárdenas), José Carro (Sagua a la Grande), Arturo Casanova (Encrucijada), Ramón Vázquez Faiz (Corralillo), Leoncio Chacón (San Angonio de los Baños), Agustín Bandué (Ciego de Avila), Luis G. Fuentes (Holguín), Antonio Márquez (Unión de Reyes), José Guerra (Cervantes), Vicente Ríos (Guanabacoa), José Penabad (Regla), Francisco Mancera (Marianao) e Francisco Perea (Casa Blanca), en *Repertorio da prensa galega da emigración*, dirixido por Vicente Peña Saavedra, Consello da Cultura Galega, 1998, p. 225.

cubanos), senón unha maior cota de autonomía, tal e como demanda para Galicia. Así, coincidimos con Carlos Casares cando afirma que: “Curros adoptou desde o principio unha posición consecvente co seu tantas veces declarado credo rexionalista: negativa a calquera tipo de separatismo e apoio á concesión dunha ampla autonomía para os cubanos”<sup>11</sup> e tamén con Alonso Montero, quen afirma: “Curros Enríquez, na cuestión cubana, non é tan avanzado como daquela Pi e Margall, abertamente anticolonialista. Curros, que se proclama rexionalista, postulaba para Cuba unha autonomía que os gobernantes de Madrid concederían mal e tarde, a comezos de 1898”<sup>12</sup>. A “flexibilidade” inicial de Curros coa política cubana dará un xiro radical a medida que a guerra se faga máis crúa e Estados Unidos entre na contenda.

Dous fragmentos de editoriais afastados no tempo por uns meses deixan clara constancia desta radicalización no seu pensamento. Así e datado o 24 de marzo de 1895 temos que “Hemos pedido libertades para Cuba a la madre España porque también las pedimos para Galicia (...) y, además, pedimos libertades para Cuba porque la falta de esas libertades podía contribuir a alentar en sus empresas el separatismo”, dando a entender que unha maior autonomía para Cuba sería a solución para evitar as revoltas na colonia. Un ano despois e á vista dos acontecementos chegaría a cualificar ós insurrectos cubanos de “ejército de violadores de doncellas, de asesinos y secuestradores” (8/III/1896).

A entrada dos estadounidenses na contenda causa verdadeiro enfado en Curros e saca de si un rotundo *españolismo*. Así alomenos o cualifica Alonso Montero cando sinala que “cando Curros se decata de que os protagonistas do conflito non son só o Exército Español e os insurxentes cubanos, cando se decata de que os Estados Unidos teñen unha presenza moi importante nese conflito *pro domo sua*, nese momento o españolismo de Curros está por encima de calquera outra consideración”<sup>13</sup>. Este *españolismo* reflíctese en páxinas de *LTG* por medio dunha defensa afervorada da unidade da patria e ataques voraces ós cubanos. Un fragmento dun editorial significativo sería: “Podemos, pues, decir los gallegos que los primeros soldados que vinieron a Cuba por la espontánea y libre determinación de su voluntad para combatir la insurrección armada, son de nuestra sangre, de nuestra raza y de nuestra tierra, cuyo regionalismo y cuyo amor a la descentralización, lejos de destruir en ella su culto por la patria y su amor a la nacionalidad, parece completarlo, como si ambos sentimientos se uniesen en uno solo, generoso y sublime, cuando se trata de la defensa del honor y de la historia de España” (8/IX/1895).

Debemos resaltar, ademais, a acedade dos editoriais escritos contra os americanos, de ton mesmo burlesco e irónico, cando comezaron timidamente a súa intervención na guerra cubano-española. No editorial do número 115, datado en marzo de 1896, cualifican unhas declaracións dos americanos en recoñecemento dos insurrectos de “reunión de colegiales para apoderarse de la despensa mientras duermen profesores y criados”. Manifestan, ademais, unha actitude abertamente hostil: “Sólo para castigar como se merece osadía y avilantez

<sup>11</sup> Casares, C. (1980): *Curros Enríquez*, Vigo, Galaxia, p. 52.

<sup>12</sup> Alonso Montero, X. (1998): *Manuel Curros Enríquez, 90 Aniversario do seu pasamento. Centenario do 98*, Xunta de Galicia.

<sup>13</sup> Alonso Montero, X. (1998): “Curros Enríquez e a guerra de Cuba”, en *Galicia nos tempos do 98*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

semejantes, sentimos que nuestra contienda con los Estados Unidos no haya pasado a mayores”. Con respecto a isto e a modo de reflexión, Alonso Montero asegura que “Sería interesante saber qué pensaría Curros da insurrección cubana se esta non estivese apoiada dende o inicio ou dende antes polos designios imperialistas da doutrina de Monroe pola *perfidia yanqui*. Non sabemos de ningún texto de Curros minimamente comprensivo cos independentistas cubanos e sempre nos sorprende que na súa extensa obra xornalística non dedicase unha soa liña á vida, á obra e á morte (no campo de batalla en 1895) de José Martí”<sup>14</sup>.

Como a Historia demostrará, esta afouteza non ía durar moito pero tampouco o xornal podería ser cronista da derrota porque o xornal morrería o nove de novembro de 1896, unha vez cumpridos os 147 números, dous anos antes da fin da guerra.

### A DESAPARICIÓN DE *LTG*

O día 18 de outubro de 1896, o editorial de *LTG* titulado “Responsabilidad ministerial” arremete duramente contra o ministro de Mariña español por mor da varada do cruceiro de guerra Princesa de Asturias: “Una vez más puede decirse que llueven desgracias sobre la pobre España. Como si fueran pocas las que teníamos que lamentar, hoy registra el telégrafo la varadura del crucero de guerra Princesa de Asturias en el instante mismo de ser botado en el astillero de la Carraca y el mismo día, según tenemos entendido, en que se realizó felizmente igual operación en los astilleros de la Graña (Ferrol) con otro crucero, el doña María de Molina”. Critica que isto debeuse á súa construción no estaleiro de Cádiz e non en Ferrol, o que deu como resultado unha calidade do navío nefasta. A explicación que ofrece Curros resulta demoledora: “Pero los ministros de Marina por regla general son andaluces: como tales tienen compromisos con sus paisanos, y como la política de compadres, de parientes y amigos, a estos, antes que a nada, se atiende resultando siempre sacrificada a una localidad la nación entera”.

Ademais de denunciar a ineptitude e “amiguismo” dos ministros, Manuel Curros insiste en que o Goberno actual prexudica os intereses de Galicia. Tal crítica non será ignorada polas autoridades en Cuba e no número seguinte podemos ler como o gobernador da Habana, J. Porrúa, impón unha multa de vinte e cinco dólares de ouro a *LTG* por infrinxir o bando do Excmo. capitán xeneral da illa do día 27 de abril relativo á prensa. No editorial do seguinte número, Manuel Curros continúa na súa teima e responde ironicamente ó apercibimento, o que provoca unha nova multa. É entón cando o celanovés apela ante o capitán xeneral da illa, o señor Weyler, recurso que resulta inútil e verase obrigado a pechar o xornal. Así o manifestará no editorial do último número cando indica: “cuando un periódico haya sufrido dos correcciones y dé lugar a la imposición de una tercera podrá ser suspendido, hemos resuelto suspender la publicación (...) reservándonos reanudarla tan pronto cesen las circunstancias excepcionales

---

<sup>14</sup> Alonso Montero, X. (1998): *op. cit.*

(...)»<sup>15</sup>. Estas *circunstancias* non chegarían a darse e o xornal desaparecería definitivamente. Manuel Curros, nunha carta enviada a Lisardo Barreiro, certifica a sentenza de morte de *LTG*<sup>16</sup>: “Mi periódico ha muerto. El gobernador de La Habana me impuso dos multas seguidas, y como la tercera iba a matarlo, yo me adelanté y suspendí la publicación, quedando empeñado en 2.000 pesos y debiéndome los suscriptores 5.000 pesos que jamás cobraré...”. As causas de peche do xornal parecen evidentes e que nada teñen que ver con supostas acusacións a Curros de *mambí*, tal e como dá a entender Celso na súa biografía do autor celanovés. Curros Enríquez atacou fortemente os sublevados na illa pero tamén ás autoridades gobernamentais españolas pola súa actuación na guerra de insurrección, causa esta pola que sufriu unha severa censura. Malia que pode ser certo que decaese o número de subscricións, a razón última da desaparición da cabeceira reside nas sancións impostas por mor das críticas á situación dos buques da Armada Española e non a unha morneza no tratamento dos independentistas. Precisamente as increpacións á actuación do Goberno español con respecto ós estaleiros galegos fora xa motivo do editorial do día 20 de outubro de 1895 titulado “Protestemos”. O director de *El Correo Gallego*, don Ceferino Doce y Punín, resultara ferido en Ferrol polas autoridades militares debido a un artigo en que, coma no caso de Curros, censurara o poder estatal manifestando así o sentir popular de indignación pola marcha do “Infanta María Teresa” dos estaleiros da cidade departamental ó Nervián. Naquel caso, as cabeceiras de Galicia e Cuba ergueron a súa voz para defender o xornalista agredido. Paradoxalmente, cando Curros publique “Responsabilidad ministerial” e sexa censurado non haberá axuda e *LTG* morrerá inevitablemente.

Manuel Curros inicia unha nova etapa na súa estada en Cuba. Finalizado o proxecto de *LTG*, no que tanta ilusión e esforzo investiu, atópase sen traballo nunha colonia que está a atravesar un duro momento económico e político. Neste duro contexto foi contratado por Nicolás Rivero, director do *Diario de la Marina*, como corrector de probas. Aínda que os biógrafos de Curros afirman que existía certa incompatibilidade de ideas entre ambos os dous personaxes, o responsable do xornal dálle unha oportunidade ó celanovés, xa que é coñecedor do seu bo labor profesional. No *Diario de la Marina* axiña comezará a destacar como redactor a través da súa columna “La prensa”, na que analizaba editoriais e noticias doutras cabeceiras da illa. Pero esta é outra bagaxe na vida do celanovés e merece, por tanto, un minucioso estudo para comprendermos a traxectoria xornalística de Curros no seu conxunto.

---

<sup>15</sup> Fragmento recollido na entrada “Curros Enríquez” da *Gran Enciclopedia Gallega* (1974), Silverio Cañada ed., tomo VIII, p. 151.

<sup>16</sup> Ver Ferreiro, C. E.: *op. cit.*, p. 3.

## BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, X. (1997): "Curros Enríquez e a guerra de Cuba" en *Congreso Galicia nos tempos do 98*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Alonso Montero, X. et alii (1998): *Manuel Curros Enríquez, 90º Aniversario do seu pasamento. Centenario do 98*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Casares, C. (1980): *Curros Enríquez*, Editorial Galaxia, Colección Conciencia de Galicia.

Domínguez, M. (2000): "Curros Enríquez y 'La Tierra Gallega', valoración de la guerra y sus figuras" en *Galicia-Cuba, un patrimonio cultural de referencias y confluencias: actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela, 24-26 de marzo, 1999* / edición a cargo de Concha Fontenla San Juan e Manuel Silve, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, p. 311-321.

Ferreiro, C. E. (1973): *Curros Enríquez*, Ediciones Júcar, Colección Los Poetas.  
*Gran Enciclopedia Gallega* (1974), Silverio Cañada, editor, tomo VIII, p. 145-160.

López, X.: "Patria Gallega: Do xornalismo de opinión á opinión no xornalismo", (inédito).

López, X. e Gago, M. (2000): "O modelo xornalístico de *El Catón Compostelano*" en *El Catón Compostelano. Estudos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Neira Vilas, X. (1985): *A prensa galega de Cuba*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.

Peña Saavedra, V. (dir.) (1998): *Repertorio da prensa galega da emigración*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Sánchez, F. (1987): "A particularidade da contradicción" en *Curros Enríquez. Crebar as líras*, Vigo, A Nosa Terra, pp. 8-12 (A nosa cultura, 9).

Salgado, X. (2000): "O xornalismo galego e a guerra de Cuba", Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, (inédito).

Santos Gayoso, E. (1990): *Historia de la prensa gallega 1800-1986*, Cuadernos do Seminario de Sargadelos, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.